

Tema 10 da ABAU: "A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes".

(No libro de texto correspóndese co tema 16. Pero como vén moi extenso, aquí vos mando unha síntese que vos chega para o exame)

No ámbito cultural e literario, cabe sinalar que o Estatuto de Autonomía (1981) e a Lei de Normaliz. Lingüística (1983) xunto coa incorporación do galego ao ensino, crean unha situación favorable ao idioma galego. Aumenta a promoción e consumo de obras en galego (certames e premios literarios). Nacen moitas editoriais (Xerais, Sotelo Blanco, Ir Indo, A Nosa Terra,...); revistas literarias, etc.

A auténtica renovación ten lugar a partir de 1976, coa aparición de "*Con pólvora e magnolias*" de Méndez Ferrín onde reivindica unha poesía afastada do popularismo. No estilo, os poetas coidan de xeito especial o **emprego da lingua**, a poesía concíbese como unha arte da linguaxe, hai intención de atopar a dimensión **estética** do idioma. Respecto ós temas, xunto co amor, a morte ou a reivindicación social, aparecen agora o **erotismo**, **feminismo**, a **música de vangarda** ou unha nova **visión cósmica da paisaxe e da natureza**. Hai un gusto especial polo **culturalismo** (referencias a outras artes e culturas) que levan ao autor a afastarse da sociedade; tamén o **experimentalismo** (encontro da poesía coa música, a fotografía, a plástica...) **européismo** e **cosmopolitismo**.

A comezos dos 80, a explosión da poesía galega consolídase con novos grupos como AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega); encontros (premios, festas poéticas); novas revistas (***Nordés***, ***Dorna***, ***Festa da Palabra Silenciada***). Cidades coma Santiago, Vigo e A Coruña son o hábitat da poesía actual, con presenza de novas formas de expresión (pop-art, música rock, a radio, o collage, etc.)

Entre as características desta década temos a aparición a finais dos 70 de grupos poéticos como "**Cravo fondo**", "**Alén**" e "**Rompente**" con novas propostas creativas (lírica intimista, mundo urbano, preocupacións lingüísticas, "collage" vangardista).

De **Cravo Fondo** arrinca unha poesía amorosa, chea de lirismo e versificación clásica (Claudio Rodríguez Fer, Rábade Paredes, Alvarez Cáccamo, Manuel Forcadela e Ramiro Fonte).

Claudio Rodríguez Fer aporta unha concepción erótico-amorosa da poesía ("*Historia da lúa*") e integra o mundo dos filmes nunha homenaxe a unha época ("*Cinepoemas*").

Ramiro Fonte busca a poesía esencial, sen adornos, e gusta dos símbolos da nosa tradición literaria (o mar, a viaxe). Eixos temáticos da morte, a infancia, o tempo que pasa ("*As cidades da nada*").

Pilar Pallarés alterna o ton intimista coa visión social e reivindicativa ("*Entre lusco e fusco*").

O **grupo Alén** foi precursor das preocupacións lingüísticas que levarán á asimilación da poesía portuguesa actual (Salinas Portugal, X. Ramón Pena).

O **grupo Rompente** provocará unha forte reacción entre a crítica e o público; asimilación do mundo urbano, expresada do xeito máis atrevido, violento e incómodo vangardismo. Na forma renovaron o deseño do libro (collage, cómic) potenciando a relación coa música, a pintura ou o vídeo, (Antón Reixa, Alberto Avendaño, Alfonso Pexegueiro,...). Destacar entre a súa obra, "*O silabario da turbina*".

Outros poetas do momento son: Darío Xohán Cabana, Manuel Rivas, Helena Villar, Pilar Pallarés, Eusebio Lorenzo Baleirón, Lois Pereiro,...

A partir dos **anos noventa** o que sobresaé é a pluralidade, os autores son máis individualistas. Aparecen novos grupos poéticos como Ronseltz co seu poemario *Unicornio de cenurias que cabalgas os sábados*, Dolmen e outros que van aproximar de novo a poesía ao público a través de recitais ao aire libre, en pubs, en concertos, etc.

Xorden novas editoriais como Espiral Maior, especializada en poesía; coleccións poéticas, Di-versos, Lorenzo Baleirón; certames poéticos como Espiral Maior, Martin Códax, Johan Carballeira entre outros.

Ademais das características continuadoras da década anterior podemos destacar alúns trazos propios dos anos noventa:

Un novo tratamento dos temas de sempre (amor, morte, vida, soidade...) cunha actitude intimista que parte da experiencia; unha linguaxe máis directa e coloquial, sen caer no descoido formal; verso libristo cun afán experimental; menos culturalismo ca nos anos anteriores, menos ornamentación; recuperación da poesía comprometida (antimilitarismo,

ecoloxismo, feminismo, sexualidade...), sempre cunha actitude combativa ou provocadora; relectura dos mitos e da tradición literaria desde un punto de vista feminista.

Entre a infinidade de aoutores e autoras podemos destacar:

Poética feminina-feminista: Chus Pato, Xela Arias, Iolanda Castaño e Olga Novo.

Poética do cotián: Fran Alonso, Enma Couceiro e María do Cebreiro.

Poética experimental: enfrontamento tradicional-moderno; lingua coloquial-culta. Antón Reixa.

Poética do coñecemento: elaboración formal e seriedade nos temas. Recurso ás formas clásicas e culturalismo: Miro Villar, Arturo Casas, Rosa Enríquez.